



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Fontes de información en humanidades

Materia	Historia: Fontes de información en humanidades			
Código	O02G251V01302			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia Fontes de Información en Humanidades permite ao alumnado identificar e coñecer a natureza, función e tipoloxía das principais fontes de información no ámbito das humanidades. Permite tamén coñecer e utilizar os principais instrumentos e recursos de recompilación de información existentes, co fin de elaborar repertorios de fontes de información en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Por último, capacita aos estudantes para utilizar con destreza distintos estilos de citas e referencias bibliográficas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica
C7	Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
C30	Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte
C32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte
C34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D6	Resolución de problemas e toma de decisións.
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecemento dos recursos de recompilación e busca de información xerais.	A3 A5	B6	C18	D5
Dominio dos instrumentos de recompilación de información en humanidades.	A3 A5	B6	C7 C18 C23	D1 D5 D9 D11
Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	A4	B6	C23 C34	D4 D5
Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información.	A4 A5		C6 C23 C30 C32	D1 D4 D6 D7 D9

Contidos

Tema

1.- Fontes de Información xeral	1.1.- Conceptos e vocabulario básico sobre fontes de información. 1.2.- Fontes de información xeral (formatos e soportes). 1.3.- Transferencia e normalización da información. 1.4.- Fontes de información especializada.
2.- Recuperación de información en humanidades.	2.1.- Necesidades de información e tipoloxía das fontes primarias e secundarias en Historia, Historia da Arte e Xeografía. 2.2- Recursos para identificar e localizar información en humanidades.
3.- Sistemas de citas e referencias bibliográficas.	3.1.- Normas e estilos de citas e referencias bibliográficas. 3.2.- Xestores bibliográficos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	12	24
Eventos científicos	2	0	2
Resolución de problemas	10	10	20
Traballo tutelado	15	20	35
Resolución de problemas de forma autónoma	6	15	21
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17
Cartafol/dossier	0	10	10
Traballo	0	10	10
Presentación	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións de aula encamiñadas a tomar contacto co alumnado, presentar a materia e coñecer as súas competencias, motivacións e intereses.
Lección maxistral	Exposicións introdutorias nas que se familiarizará o alumnado coas principais fontes de información, a súa valoración crítica, os recursos de recompilación existentes e a utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Resolución de problemas	Sesións na aula de informática nas que se traballará a procura, selección, recuperación e estilos de citas bibliográficas das fontes de información necesarias para o traballo de curso.
Traballo tutelado	Actividades en grupo nas que se tutelará a realización dun proxecto consistente na procura, selección e valoración das fontes de información necesarias para o estudo dun mosteiro galego.
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballo autónomo do alumnado consistente na realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia a través de Moovi.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballo tutelado	Orientación e guía realizada durante a procura de fontes de información a través de recursos electrónicos e a elaboración da memoria, bibliografía e exposición dos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en Moovi).
Resolución de problemas	Orientación e guía realizada durante os exercicios de procura, selección, recuperación e estilos de citas de fontes bibliográficas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en Moovi).
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Orientación e guía para a elaboración dun informe pormenorizado sobre o proceso de procura e selección das fontes de información integradas no traballo de curso, así como sobre a valoración das fontes seleccionadas que incluírá bibliografía final e citas ao rodapé. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas de forma autónoma	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia a través de Moovi. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	10	A3 A5	B6 C7 D1 D5 C23 D6 C30 D11
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado examínase dos seus coñecementos sobre os contidos teóricos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos recursos de recompilación e búsqueda de información xerais. Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas. Comunicación oral e escrita en idioma propio.	40	A4 A5	C18 D1 C23 D4 C30 D5 D7
Cartafol/dossier	O alumnado elaborará en grupo e entregará a través de Moovi un informe coa a valoración das fontes de información integradas no traballo de curso que incluírá bibliografía final e citas ao rodapé. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas. Comunicación oral e escrita en idioma propio.	20	A3 A5	B6 C6 D1 D4 C18 D5 C23 D6 C30 D7 C32 D9 C34 D11
Traballo	O alumnado elaborará en grupo e entregará a través de Moovi un informe sobre a procura e selección das fontes de información integradas no traballo de curso. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades. Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	20	A4 A5	B6 C6 D1 D4 C18 D5 C23 D6 C30 D7 C32 D9 C34 D11
Presentación	Presentación dos resultados obtidos no traballo de curso, na que participarán todos os integrantes do grupo, que serán cualificados de forma individual. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas. Comunicación oral e escrita en idioma propio.	10	A4 A5	B6 D1 D4 D5 D6 D7 D9 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual en Moovi e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de

informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVvi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual en Moovi (UVigo), que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de Moovi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en Moovi as metodoloxías docentes e as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo*) e serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita (45% da nota final), un traballo obrigatorio que recollerá, valorará e citará as fontes de información necesarias para o estudo dun mosteiro galego (50% da nota final: 25% cartafol/dossier - 25% informe procura) e será presentado oralmente (5% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALÍA MIRANDA, F., **Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas**, Trea, 1998

BROCOS, J. M.; ORTIZ, C., **Metódos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades**, Universitat de Barcelona, 2006

ROMANOS DE TIRATELI, S., **Guía de fuentes de información especializadas: humanidades y ciencias sociales**, GREBYD, 2000

AGUILERA ARILLA, M^a J. et al., **Fuentes, tratamiento y representación de la información geográfica**, UNED, 2003

Bibliografía Complementaria

CARRIZO SAINERO, G., **La información en ciencias sociales**, Trea, 2000

Fuentes y documentos para la historia del arte, Gustavo Gili, 1982-1983

CARRIZO SAINERO, G. et al., **Manual de fuentes de información**, Confederación Española de Gremios y Asociaciones d, 2000

CORDÓN GARCÍA, J. A. et al., **Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica**, Pirámide, 1999

LÓPEZ YEPES, J. (coord.), **Manual de ciencias de la documentación**, Pirámide, 2006

LÓPEZ CARREÑO, R., **Fuentes de información : guía básica y nueva clasificación.**, UOC, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.